

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Economía e emprendemento	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A materia de modalidade Economía e Emprendemento está exposta como materia optativa en cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e persegue dúas finalidades: por unha banda, que o alumnado dispoña dunha educación económica e financeira para desenvolver, de maneira responsable e viable, os seus proxectos vitais, profesionais e, no seu caso, empresariais; e, por outra banda, que o alumnado poida buscar solucións innovadoras para afrontar os retos que se propoñan, a través do seu autocoñecemento, o coñecemento adquirido e a colaboración cos demais.

O estudo da economía e as finanzas, ademais de poder coñecer as regras que explican os acontecementos económicos e as consecuencias das propias decisións financeiras, proxecta valores como a solidariedade entre persoas, a importancia da sustentabilidade ou a xestión responsable dos recursos. O emprendedor, cunha formación económica e financeira adecuada, desempeña un papel importante na busca de oportunidades e ideas que contribúan a satisfacer as necesidades da contorna, xerando valor, innovando e contribuíndo a mellorar o benestar persoal, social e cultural.

O Decreto 156/2022 constitúe a base da programación do curso, e reparte os criterios de avaliación e contidos en catro bloques que contribuirán á consecución dos obxectivos da materia:

1. O bloque "O perfil da empresa emprendedora, iniciativa e creatividade" vincúlase coa análise e desenvolvemento do perfil da persoa emprendedora facendo fincapé no autocoñecemento e no desenvolvemento de habilidades persoais para poder afrontar contextos cambiantes e incertos nos que emprender.
2. O bloque "A contorna como fonte de ideas e de oportunidades" lígase á análise das distintas contornas -económica, empresarial, social, ambiental, cultural e artística-, así como o desenvolvemento de estratexias que lle permitan ao alumnado identificar necesidades e buscar oportunidades que xurdan, facéndoo consciente de como a contorna condiciona os seus propios proxectos persoais e profesionais.
3. O bloque "Recursos para levar a cabo un proxecto emprendedor" céntrase na captación e xestión dos recursos humanos, materiais, inmateriais e dixitais como elementos necesarios para que un proxecto se poida levar á realidade. Abórdanse cuestións sobre as fontes de financiamento, recursos financeiros e formación e funcionamento efectivo dos equipos de traballo.
4. O bloque "A realización do proxecto emprendedor" trata de dar a coñecer como facer un proxecto emprendedor desde a idea inicial ata a execución e validación do prototipo final.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar e valorar as fortalezas e as debilidades propias e as dos demais, reflexionando sobre as aptitudes, xestionando de forma eficaz as emocións e as destrezas necesarias que promovan unha actitude vital creadora para adaptarse a contornas cambiantes e deseñar un proxecto persoal único, cunha actitude emprendedora que xere valor para os demais.					1	1	2	3
OBX2 - Utilizar estratexias de conformación de equipos, así como habilidades sociais, de comunicación e innovación áxil, aplicándoas con autonomía e motivación ás dinámicas de traballo en distintos contextos, para constituír grupos de traballo eficaces e descubrir o valor de cooperar con outras persoas durante o proceso de ideación e desenvolvemento de solucións emprendedoras.	1	1-2			1-3	1	2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Elaborar, con sentido ético e solidario, ideas e solucións innovadoras e sostibles que dean resposta ás necesidades locais e globais detectadas, utilizando metodoloxías áxiles de ideación e analizando tanto os seus puntos fortes e débiles coma o impacto que poidan xerar esas ideas na contorna, para lograr a superación de retos relacionados coa preservación e co coidado da contorna natural, social, cultural e artística.			3			4	1-2-3	3
OBX4 - Seleccionar e reunir os recursos dispoñibles no proceso de desenvolvemento da idea ou solución creativa proposta, coñecendo os medios de produción e as fontes financeiras que proporcionan estes recursos e aplicando estratexias de captación destes para poñer en marcha o proxecto que leve á realidade a solución emprendedora.			3	2			1-2	
OBX5 - Presentar e expoñer ideas e solucións creativas utilizando estratexias comunicativas áxiles e valorando a importancia dunha comunicación efectiva e respectuosa para transmitir mensaxes convincentes adecuadas ao contexto e aos obxectivos concretos de cada situación e validar as ideas e as solucións presentadas.	1-2-3			3	1	1	1-2	
OBX6 - Comprender aspectos básicos da economía e das finanzas, valorando criticamente o problema da escaseza de recursos e a necesidade de elixir, así como os principios de interacción social desde o punto de vista económico, para relacionar os devanditos aspectos coa procura e planificación dos recursos necesarios no desenvolvemento da idea ou da solución emprendedora que afronte o reto exposto de maneira eficaz, equitativa e sostible.						1	1-2-3	
OBX7 - Construír e analizar de maneira cooperativa, autónoma e áxil prototipos innovadores e sostibles, aplicando estratexias eficaces de deseño e execución, avaliando todas as fases do proceso de maneira crítica e ética e validando os resultados obtidos tanto para a mellora e perfeccionamento dos prototipos creados coma para a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal e colectivo.			3	5	3-5		2-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A economía como ciencia.	A ciencia económica. A escaseza de recursos e a necesidade de elixir. O custo de oportunidade. A toma de decisións.	11	12	X		
2	A organización económica.	Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. Os sectores produtivos.	9	10	X		
3	A empresa e a súa contorna.	Análise da contorna específica ou microcontorna. A responsabilidade social corporativa. Análise da contorna xeral ou macrocontorna.	12	12	X		
4	O mercado.	O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades. Os retos do século XXI.	12	12		X	
5	A organización da empresa.	Funcións da empresa. Elementos da empresa. Os equipos nas empresas. Traballo en equipo.	12	12		X	
6	Diñeiro e sistema financeiro.	O sistema financeiro. As finanzas. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e longo prazo. Endebedamento. Xestión de riscos e seguros.	12	12		X	
7	O emprendemento.	O perfil da persoa emprendedora: habilidades e calidades. Análise DAFO da persoa emprendedora. A xestión das emocións.	10	11			X
8	A idea de negocio.	A idea de negocio e as oportunidades empresariais. Comunicación, motivación e liderado. Dinámicas de traballo en grupo.	10	11			X
9	O proxecto emprendedor.	Misión e visión da empresa emprendedora. Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Viabilidade económica e financeira da empresa. A elección da forma xurídica.	12	13			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A economía como ciencia.	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Entender o proceso básico da toma de decisións de carácter económico en distintas contornas. Comprender o concepto de escaseza económica e relacionalo co custo da renuncia das alternativas perdidas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións.

UD	Título da UD	Duración
2	A organización económica.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Identificar algún problema económico da súa contorna, razoando as posibles causas e valorando solucións.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións.
- A contorna económico-empresarial. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda.
- Sectores produtivos e xéneros da contorna cultural e artística. Axentes que apoian a creación de proxectos culturais emprendedores.

UD	Título da UD	Duración
3	A empresa e a súa contorna.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.	Identificar a contorna específica e xeral dunha determinada empresa. Recoñecer distintas propostas para evitar o impacto negativo das empresas na súa contorna natural, social e cultural.	PE	50
CA2.4 - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.	Valorar o impacto da actividade empresarial na súa contorna. Recoñecer a importancia da responsabilidade social corporativa das empresas.	TI	50
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Identificar estratexias de responsabilidade social corporativa en empresas da contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información. - A empresa e a súa responsabilidade social. A decisión empresarial e a innovación como fonte de transformación social. - O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe

UD	Título da UD	Duración
4	O mercado.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Aplicar razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas da súa contorna.	PE	70
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Valorar o papel do mercado na asignación dos recursos. Propoñer solucións para reducir as desigualdades que se poidan xerar e incrementar o benestar. Identificar as características da economía social e solidaria, e a economía circular.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades.
- O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe

UD	Título da UD	Duración
5	A organización da empresa.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto.	Identificar as funcións da xestión dos recursos humanos. Seleccionar equipos de traballo que conduzan á consecución dos obxectivos propostos.	PE	70
CA3.2 - Poñer en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo e respectando as decisións tomadas de forma colectiva	Identificar e aplicar estratexias de traballo en equipo. Identificar e aplicar distintas técnicas de resolución de conflitos, comunicación e motivación.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa.
- Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
6	Diñeiro e sistema financeiro.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Explicar o papel do sistema financeiro.	PE	75
CA3.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións e planificando con coherencia a súa organización, distribución, uso e optimización.	Entender as posibilidades de financiamento que existen nos mercados financeiros, valorando os riscos e custos das distintas fontes.		
CA3.5 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, ideas e solucións creativas, co fin de captar recursos para o financiamento e o mecenado deste.	Xustificar a elección dunha fonte concreta de financiamento para un caso determinado.	TI	25
CA3.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os máis adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Determinar os investimentos e fontes de financiamento necesarios para o desenvolvemento dunha idea emprendedora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O sistema financeiro. - As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos

UD	Título da UD	Duración
7	O emprendemento.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo do autoconhecimento e tomando conciencia de que o proceso emprendedor constitúe unha forma de enriquecemento e crecemento persoal.	Adaptación a contornas complexas e crea unha proposta de valor	PE	65
CA1.2 - Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.	Identificar as fortalezas e debilidades persoais propias e dos demais que se identifican coa iniciativa emprendedora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Pór en práctica as habilidades sociais da persoa emprendedora, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación e innovación áxil, tanto de maneira presencial como a distancia, en distintos contextos de traballo en equipo, valorando, respectando e asumindo as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo en grupo.	Utilizar habilidades sociais propias da persoa emprendedora tanto no traballo individual como en grupo.		
CA1.7 - Validar as ideas e solucións utilizando estratexias comunicativas áxiles adaptadas a cada situación comunicativa.	Comunicación adaptada a situación comunicativa		
CA1.3 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais, promovendo e desenvolvendo actitudes creativas, asumindo o risco que supón un proxecto innovador e aprendendo dos erros que cometemos.	Valorar as características propias do emprendedor necesarias para poñer en marcha un proxecto innovador.		
CA1.8 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e solucións creativas, adquirindo habilidades e técnicas de expresión oral con apoio audiovisual na posta en común destas.	Exposición clara e coherente.		
CA2.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo da valoración crítica sobre as propias aptitudes e as posibilidades creativas.	Realizar unha valoración crítica da análise DAFO propia. Identificar as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora.	TI	35
CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	Aplicar estratexias de xestión de emocións.		
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	Planifica un proxecto viable		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia económica e social da persoa emprendedora. - O perfil da persoa emprendedora: habilidades. - Autoconfianza, autoconñecemento, empatía, perseveranza, iniciativa e resiliencia. - Técnicas de diagnóstico de debilidades e fortalezas internas. Análise DAFO da persoa emprendedora. - Xestión de emocións. A importancia da motivación para emprender. Estratexias de xestión da incerteza e toma de decisións en contextos cambiantes. O erro e a validación como oportunidades para aprender. - A visión emprendedora. - Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa.

UD	Título da UD	Duración
8	A idea de negocio.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Construír ideas creativas e sostibles aplicando metodoloxías áxiles que faciliten a superación dos retos expostos con sentido ético e solidario.	Propoñer ideas creativas que contribúan ao desenvolvemento sostible da súa contorna.	PE	65
CA1.5 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto na sociedade.	Avaliar o impacto na sociedade de distintas ideas e solucións innovadoras.	TI	35

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O perfil da persoa emprendedora: habilidades. - Creatividade, ideas e solucións. A innovación áxil. - Comunicación, motivación e liderado da persoa emprendedora. Habilidades sociais. Dinámicas de traballo en grupo.

UD	Título da UD	Duración
9	O proxecto emprendedor.	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións.	Manexar estratexias de captación e xestión dos recursos necesarios para a posta en marcha do proxecto presentado.	PE	45
CA4.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.	Determinar os recursos necesarios para desenvolver o proxecto presentado.		
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Analizar a viabilidade do proxecto presentado.		
CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Avaliar o impacto na contorna do proxecto presentado en termos de equitatividade e sostibilidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións.	Presentar un proxecto emprendedor a partir dunha idea de negocio.	TI	55
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Avaliar o impacto da idea de negocio no eido persoal e na contorna.		
CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.	Planificar o proxecto de empresa presentado.		
CA4.5 - Validar as ideas e as solucións presentadas mediante mensaxes convincentes e adecuadas, co fin de presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e as solucións creativas, mantendo unha comunicación eficaz e respectuosa ao longo de todo o proceso levado a cabo.	Aplicar ferramentas de comunicación ao proxecto presentado.		
CA4.9 - Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construción deste.	Realizar un estudo de viabilidade do produto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O reto ou o desafío como obxectivo. - Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo. - Desenvolvemento áxil do produto. - Técnicas e ferramentas de prototipado rápido. - Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas. - Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión. - Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil. - Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica. - O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada será construtiva, é dicir, adaptarase ás características e diferentes ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as, favorecerá a capacidade de aprenderen por si mesmos, o traballo en equipo, e promoverá a creatividade e o dinamismo, integrando os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe.

Para impartir esta materia emprégase a plataforma EDIXGAL, polo que o alumno terá acceso o material que facilite a

plataforma, así como ao uso do ordenador portátil. Tamén deberá entregar as súas tarefas a través desta ferramenta. Os principios básicos empregados para levar adiante este proceso de ensinanza-aprendizaxe serán entre outros:

- Partir do nivel do alumnado e dos coñecementos previos para favorecer a construción de aprendizaxes novas e significativas, ademais dunha memorización comprensiva, sinxela e produtiva.
 - Procurarase levar a cabo unha liña de aprendizaxe activo, de ahí a importancia do papel activo do alumno no proceso de aprendizaxe. Non se debe adoptar unha perspectiva exclusivamente transmisiva e expositiva da información (debe reservarse para temas excesivamente abstractos ou teóricos). Tratarase de combinar momentos de explicación por parte do profesor, práctica guiada individual o en pequenos grupos, momentos de exposición e debate dos contidos traballados en grupo, indagación por parte do alumnado etc.
- Se debido a algunha circunstancia fose necesario o ensino a distancia ou semipresencial, usarase a plataforma EDIXGAL como ferramenta de comunicación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro dixital do profesor.
Ordenador e proxector para o profesor.
Textos xornalísticos seleccionados polo profesor e polos alumnos.
Gravacións videográficas nas que se traten temas relacionados coa materia.
Páxinas web de determinados organismos públicos, institucións ou empresas que poden proporcionar información interesante para a materia.
Plataforma edixgal

Utilizarase a plataforma EDIXGAL como fonte de contidos e entrega de tarefas. Tamén, o alumnado poderá utilizar como bibliografía complementaria e de apoio calquera outro libro de texto desta materia doutra editorial, así como calquera dicionario económico.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Previamente o departamento diseña a proba inicial, que terá que ser consensuada para cada nivel de ensinanza, polos profesores que imparten docencia en cada nivel.

Para valorar a situación do alumnado, o instrumento de avaliación será unha proba, que contará cunha primeira parte de cuestionario, sobre formación académica, dixital etc. E unha segunda parte, de proba obxectiva sobre aspectos da materia de Economía e emprendemento.

Co obxectivo de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do alumnado, os aspectos a avaliar serán os seguintes:

- 1.- A formación académica e dixital previa do alumnado.

2.- Nivel de coñecementos de conceptos económicos, cálculos matemáticos, interpretación de datos económicos etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	9	12	12	12	12	10	10	12	100
Proba escrita	100	100	50	70	70	75	65	65	45	70
Táboa de indicadores	0	0	50	30	30	25	35	35	55	30

Criterios de cualificación:

Cualificación avaliación parcial

Calcularase como media ponderada das cualificacións de cada unidade didáctica determinadas pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

O redondeo aplicarase soamente no caso que o alumnado acade 5 puntos na avaliación.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

Para obter a nota fina terase en conta a seguinte ponderación:

- Exames: 70%
- Entrega de tarefas: 30%

Cualificación avaliación final

Calcularase como media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo.

Para entender superada a materia é preciso ter aprobadas tódalas avaliacións.

Dado que a cualificación da avaliación final é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha avaliación parcial será convocado a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou outras axeitadas, no caso de ser preciso.

A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

O alumnado que, ó final de curso, non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas.

A cualificación da avaliación final será calculada como media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais superadas e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación final é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación final sexa igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención a diversidade supón ter en conta a pluralidade de necesidades, intereses, ritmos e dificultades de aprendizaxe entre os alumnos que integran a aula. Esta diversidade require enfoques e metodoloxías distintas, para lograr a inclusión e motivación do alumnado e que este acade as competencias básicas.

Ao principio de curso, cada profesor tratará de detectar as necesidades e características do seu alumnado seguindo avaliación inicial que se propón dende o departamento. Isto xunto coa avaliación inicial que se leva a cabo no centro e a información que dende o departamento de Orientación se facilita ó profesorado, permitirá coñecer as necesidades específicas do alumnado e adaptar o proceso de ensinanza- aprendizaxe as súas características. Así mesmo, poderán xurdir novas necesidades educativas o longo do curso que haberá que atender.

Para atender a esta diversidade, con carácter xeral poderanse aplicar as seguintes medidas:

- Análise dos coñecementos previos do alumnado ó iniciar as unidades didácticas planificadas fundamentalmente preguntas orais, que nos permitan detectar o nivel, para poder levar a cabo unha aprendizaxe significativa.

- Ao explicar en clase os contidos que poidan ter máis complexidade para o alumnado, que adoitan estar relacionados coas partes prácticas de resolución e interpretación de problemas, poderíase propor exercicios e actividades que irán aumentando de complexidade.

- Para o alumnado que presente un ritmo de desenvolvemento maior, poderá planificarse actividades de ampliación, que poderán ser actividades con maior nivel de dificultade lóxica, matemática; así como actividades de investigación que impliquen maior nivel de autonomía e creatividade.

- Para o alumnado que presente dificultades poderán propoñerse exercicios de reforzo en especial na resolución de exercicios prácticos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X
ET.9 - A creatividade	X

Observacións:

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a paz, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Programa de Educación Cívico-Tributaria - Agencia Estatal Administración Tributaria.	Actividades destinadas a explicar á cidadanía máis nova o impacto que o sistema fiscal, na súa dobre vertente de ingresos e gastos públicos, ten na súa vida cotiá e nas súas perspectivas de futuro. É posible elixir entre as seguintes actuacións: Xornadas de portas abertas nas Delegacións ou charlas impartidas por persoal da Axencia Tributaria nos centros.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Contidos ou unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Actividades de reforzo e ampliación empregadas
Utilización de medios informáticos e/ou audiovisuais
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención a diversidade

Descrición:

Partindo de que o obxectivo desta programación é o seu cumprimento o longo do curso, e a súa adaptación o alumnado, dende o departamento realizarase unha revisión da mesma.

Esta revisión ten como obxectivo, valorar o seu cumprimento, así como, se a metodoloxía, os recursos empregados, as medidas de atención a diversidade, as actividades de reforzo e ampliación, se están empregando correctamente e

son os adecuados para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Ou, de ser o caso e necesario un axuste para adaptarse mellor as características do alumnado, e contribuír a que se acaden as competencias e en definitiva mellorar os resultados académicos.

Cada profesor realizará o seguimento da programación das materias que imparte a través do plataforma PROENS, nela rexistrará a evolución da mesma.

Na reunión de departamento, esta información será analizada, recolleranse as propostas de mellora para o curso seguinte etc; e quedará reflectida nas actas de departamento correspondentes.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia a cada grupo e nas reunións mensuais de departamento.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar co fin de introducir as modificacións que sexan precisas.

O informe de seguimento facilitará a redacción da Memoria Final.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Economía	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	28

1. Introducción

Esta programación está elaborada atendendo a normativa vixente, Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato, e o Drecreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 26/09/2022)

O IES Sánchez Cantón conta con dous edificios para impartir as súas ensinanzas, un ubicado na rúa Raiña Victoria e unha extensión no CGTD. As ensinanzas que se imparten son Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e dous ciclos formativos superiores Técnico Superior en Actividades Físicas e Animación Deportiva e ensinanzas deportivas. O alumnado do centro presenta, en xeral, unha actitude positiva de cara o estudo, e o seu comportamento, na maior parte dos casos, é respectuoso co profesor e cos compañeiros. Os grupos soen ser moi numerosos superando en moitos casos os 30 alumnos.

Os alumnos que cursan os seus estudos no CGTD, son deportista que combinan os seus estudos con adestramentos deportivos, polo que teñen un horario especial, e ademáis o longo do curso participan en numerosas competicións deportivas, polo que en moitas ocasións e necesario introducir modificacións e adaptacións as circunstancias do alumnado. Os grupos soen ser moi heteroxéneos , xa que os alumnos proceden de distintos centros de Galicia.

As familias, na maior parte dos casos, son colaboradoras co centro e co claustro de profesores. Preocúpanse polos resultados académicos dos seus fillos así como polo seu comportamento

O longo do curso , se de xeito extarordinario xurden situacións de pandemia que obriguen a ensinanza non presencial , o departamento tratará de garantir a continuidade na formación do alumnado facilitándolle o material de traballo necesario para que poida seguir o mesmo ritmo de aprendizaxe que os seus compañeiros se se atopa ben de saúde. Para comunicarse co alumnado preferentemente usarase a aula virtual, e a plataforma Cisco Webex, para as videoconferencias.

Esta materia de modalidade , integrada en primeiro curso de bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, trata de aproximar o alumnado ao coñecemento da economía de maneira introductoria de xeito que lle permita tomar de maneira razoada decisións con repercusión económica e financeira tanto no ámbito individual como colectivo. Debe ser útil tanto para o alumnado que decida estudar posteriormente esta disciplina , como a aqueles que orienten o seu itinerario académico noutra dirección, permitíndolles participar de forma activa nos retos da economía actual.

A materia será impartida en lingua castelá.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o problema da escaseza e a importancia de adoptar decisións no ámbito económico, analizando a súa repercusión nos distintos sectores e comparando solucións alternativas que ofrecen os diferentes sistemas para comprender o funcionamento da realidade económica.	2		2		40-50		1-2	
OBX2 - Recoñecer e comprender o funcionamento do mercado, analizando os seus fallos, para estudar a repercusión destes na contorna e facilitar a toma de decisións no ámbito económico.	2-3		2		40	3	1-2	
OBX3 - Distinguir e valorar o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda recoñecendo, con sentido crítico, os beneficios e os custos que xera, para determinar como se produce o desenvolvemento económico e a súa relación co benestar da sociedade.	2-3				40-50	3-4	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento para planificar e xestionar con responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	2-3			4	12-40-50		1-2	
OBX5 - Identificar e valorar os retos e os desafíos aos que se enfrenta a economía actual, analizando o impacto da globalización económica, a nova economía e a revolución dixital para propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade.	2-3		4	5	12-40-50		1	
OBX6 - Analizar os problemas económicos actuais mediante o estudo de casos, a investigación e a experimentación, utilizando ferramentas da análise económica e tendo en conta os factores que condicionan as decisións dos axentes económicos, para facilitar a comprensión deses problemas e expor solucións innovadoras e sostibles que respondan a necesidades individuais e colectivas.	3		2		50	3-4	1-2-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Economía: a toma de decisións.	Economía. Escasez. Necesidades. Bens. Toma de decisións económicas. Coste de oportunidade. Métodos para analizar a realidade económica. Economía positiva y normativa.	7	7	X		
2	Factores , axentes e sistemas económicos.	Factores productivos. Axentes económicos e o fluxo circular da renda. Sistemas económicos. Consumo, consumismo. Obsolescencia programada. ODS	9	10	X		
3	Producción e crecemento económico	Producción. Eficiencia. Productividade. Frontera de posibilidades de produción. Crecemento económico. Sustentabilidade. Economía circular. Decrecimiento económico.	9	12	X		
4	Axente económico: empresa	Obxectivos, produción . Custos , ingresos,	9	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Axente economico: empresa	beneficios. Responsabilidade social.	9	14	X		
5	O mercado	Mercado.Oferta, demanda. Equilibrio de mercado. Elasticidade- prezo da demanda.	8	11		X	
6	Tipos de mercado	Competencia perfecta, monopolio, oligopolio,Competencia monopolística. Teoría de xogos.	8	10		X	
7	O mercado de traballo	Análise do emprego. Tipos de desemprego. Brecha salarial	6	8		X	
8	Macroeconomía: crecemento económico	Macroeconomía: Crecimiento económico, PIB, renda nacional	8	8		X	
9	A intervención do Estado na Economía	Os efectos da súa intervención. O estado de benestar	4	5		X	
10	As contas públicas e a política fiscal	Ingresos e gastos públicos.Débeda pública. Política fiscal. Economía mergullada.	8	11			X
11	O diñeiro e a política monetaria	Creación e tipos de diñeiro. A inflación. Política monetaria.	8	12			X
12	O sistema financeiro e finanzas persoais.	O sistema financeiro, funcionamento e evolución. Os bancos. Productos financeiros: préstamos, hipotecas e seguros. As finanzas persoais.	8	12			X
13	O comercio internacional	O comercio internacional. Integración económica. Unión Europea.	4	10			X
14	A globalización e novos rectos da economía.	Globalización	4	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Economía: a toma de decisións.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Diferenciar os tipos de necesidades, de escasez e de bens.	PE	100
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Coñecer o coste de oportunidade e comprender los restantes aplicandoos correctamente a toma de decisións.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Coñecer os métodos científicos, experimentos e modelos económicos que nos permitan investigar a realidade económica para dar solución os problemas actuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Distinguir cando a información se corresponde cun enfoque de economía positiva ou normativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas. - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos. - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.

UD	Título da UD	Duración
2	Factores , axentes e sistemas económicos.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Comprender o papel dos axentes económicos nos distintos sistemas económicos.		
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Analizar a ventaxas e os inconvenientes dos distintos sistemas económicos.		
CA1.6 - Comprender a organización dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Comprender o papel dos axentes económicos(familias, empresas, sector públicos) para un adecuado desenvolvemento económico. Describir as relacións dos distintos axentes económicos a través do fluxo circulara da renda.	PE	95

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Coñecer os distintos factores productivos. Analizar a racionalidade economía dos distintos axentes económicos na utilización dos recursos escasos.		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Coñecer as decisións individuais dos axentes económicos na súa toma de decisións (consumo, consumismo, obsolescencia programada etc) e analizar os efectos que ten na economía en conxunto e como evitalos aplicando os ODS.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento. - Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

UD	Título da UD	Duración
3	Producción e crecemento económico	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Coñecer e analizar a importancia da eficiencia, da produtividade e como melloralas para acadar un desenvolvemento sostible.	PE	85
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Aplicar o modelo de FPP para analizar as posibilidades de crecemento económico.		
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Coñecer os distintos factores que contribuen a mellorar a produtividade e o papel dos distintos axentes económicos neste obxectivo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Analizar o papel dos distintos sectores económicos investigando a o peso que teñen na economía, a interdependencia funcional e xeográfica e expor solucións para ir acadando un novo modelo.		
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Analizaz como afecta a globalización o benestar económico e social dos cidadáns.		
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Analizar con sentido crítico a necesidade de levar a cabo un crecemento económico que non dane o medioambiente e supoña un desenvolvemento sostible. Valorar con sentido crítico as teorías do decrecemento económico.	TI	15
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Identificar boas prácticas na contorna que contribúan o crecemento económico dun xeito sostible.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. - A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital. - Teorías sobre o decrecemento económico. - Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

UD	Título da UD	Duración
4	Axente economico: empresa	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Describir como funcionan as empresas, cales son as súas funcións e os seus obxetivos. Diferenciar entre eficiencia técnica e económica.	PE	100
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Coñecer as externalidades que provocan as empresas. Valorar comportamentos e identificar cando as empresas actúan con responsabilidade social.		
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Análise coste-beneficio. Identificar nunha función de produción o momento a partir do cal aparecen os rendementos decrecentes. Realizar cálculos de costes, ingresos e beneficios a partir de exemplos sinxelos, intepretalos e representalos gráficamente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos. - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.

UD	Título da UD	Duración
5	O mercado	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Comprender os fallos do mercado e como se poden correxir buscando o equilibrio do mercado.	PE	100
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Coñecer que e un mercado e comprender os factores de oferta , demanda, equilibrio de mercado e representar graficamente os mesmos. Elasticidad demanda		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica. - A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.

UD	Título da UD	Duración
6	Tipos de mercado	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Comprender como se pode aplica a teoría de xogos o oligopolio.	PE	95
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Valorar os efectos que provocan na economías os fallos de mercado así como , cómo se poden detectar e correxir.		
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Entender o funcionamento dos mercados de competencia perfeta, monopolio, oligopolio y competencia monopolística		
CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionado sobre as súas posibles solucións.	Analizar con expiritu crítico fallos de mercado que se poden producir no entorno máis próximo.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro. Xogos repetidos e equilibrios cooperativos. - Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica. - A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.

UD	Título da UD	Duración
7	O mercado de traballo	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Entender que é o mercado de traballo os axentes que participan nel e as súas peculiaridades. Coñecer a medición as causas e os tipos de desemprego e os custos de despedimento. Analizar as medidas correctoras do desemprego. Analizar a brecha salarial e propoñer medidas correctoras.	PE	95

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Comprender os efectos da revolución dixital no mercado laboral.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desemprego. Efectos e medidas correctoras. A brecha salarial. - A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital.

UD	Título da UD	Duración
8	Macroeconomía: crecimiento económico	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Coñecer o enfoque macroeconómico da asignación de recursos. Analizar o papel de cada axente económico no fluxo circular da renda utilizando os indicadores económicos apropiados .PIB e o seus derivados.	PE	100
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Analizar como se distribuen as rendas derivadas do fluxo circular e como contribuen o desenvolvemento social o benestar e a calidade de vida con espírito crítico.		
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Coñecer como se produce o crecemento económico a través da oferta e demanda agregadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento. - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.

UD	Título da UD	Duración
9	A intervención do Estado na Economía	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Comprender o papel do estado nun sistema de economía mixta.	PE	95
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Coñecer as distintas posibilidades de financiación do estado de benestar.		
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Diferenciar os distintos fallos de mercado e os costes derivados dos mesmos sobre o estado de benestar.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Comprender a importancia do estado de benestar e a necesidade de aplicar políticas económicas para dar solucións.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Comprender a necesidade da sustentabilidade das pensións e expoñer solucións de cara a garantir as pensións de xubilación e o estado de benestar.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos. - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada. - O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.

UD	Título da UD	Duración
10	As contas públicas e a política fiscal	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Comprender as distintas políticas fiscais e os seus efectos sobre a economía.	PE	100
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Comprender as distintas posicións do presuposto público. Coñecer o déficit público e a débeda pública e os seus efectos. Valorar as distintas posibilidades de financiamento público. Coñecer os distintos impostos e valorar a importancia do principio de solidariedade.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Valorar a economía mergullada e expor solucións para garantir o funcionamento do estado de benestar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.

UD	Título da UD	Duración
11	O diñeiro e a política monetaria	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Coñecer o mercado monetario e como se crea o tipo de interés. Os tipos de diñeiro e o seu proceso de creación.	PE	100
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Coñecer que e a inflación, as causas e teorías explicativas e os efectos. Comprender as distintas políticas monetarias que se poden aplicar e os seus efectos sobre a inflación, o crecemento e o benestar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación. - A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.

UD	Título da UD	Duración
12	O sistema financiero e finanzas persoais.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Comprender o funcionamento do sistema financeiro e os seus efectos sobre as decisións de aforro, e os produtos de financiación.	PE	90
CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Planificar con fundamento a selección dos produtos financeiros máis adecuados.		
CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Coñecer o funcionamento dos bancos		
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Coñecer os efectos do sistema financeiro nas decisións persoais		
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Coñecer os efectos da política monetaria nas finanzas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Comprender os mecanismos dixitais para analizar e xestionar as propias finanzas.	TI	10
CA3.6 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Analizar os produtos financeiros no eido dixital		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros. - O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación. - A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.

UD	Título da UD	Duración
13	O comercio internacional	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprender os dilemas do proteccionismo fronte o libre comercio, e os procesos de integración económica así como ventaxes e inconvenientes.	PE	90
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Expor solucións os novos retos da economía da unión europea.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria.

UD	Título da UD	Duración
14	A globalización e novos rectos da economía.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Comprender os riscos e as oportunidades dunha economía glocal.	TI	100
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Comprender os efectos dos fluxos migratorios en especial na economía española.		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Identificar como afecta a globalización os distintos axentes económicos analizando os custos e beneficios que ten para cadaquen.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.
- O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada será construtiva, é dicir, adaptarase ás características e diferentes ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as, favorecerá a capacidade de aprenderen por si mesmos o traballo en equipo, e promoverá a creatividade e o dinamismo integrando os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe.

Os principios básicos empregados para levar adiante este proceso de ensinanza-aprendizaxe serán entre outros:

-Partir do nivel do alumnado e dos coñecementos previos para favorecer a construción de aprendizaxes novas e significativas, ademais dunha memorización comprensiva, sinxela e produtiva.

-Procurarase levar a cabo unha liña de aprendizaxe activo, de ahí a importancia do papel activo do alumno no proceso de aprendizaxe. Non se debe adoptar unha perspectiva exclusivamente transmisiva e expositiva da información (debe reservarse para temas excesivamente abstractos ou teóricos). Tratarase de combinar momentos de explicación por parte do profesor, práctica guiada individual o en pequenos grupos, momentos de exposición e debate dos contidos traballados en grupo, indagación por parte do alumnado etc.

-En canto as formas de agrupación, o longo do curso o alumno vivenciará distintas formas de agruparse, pois traballar en equipo é un recto importante e necesario para a integración laboral do alumno que debe modelarse na aula. En grupos máis amplos realizaremos actividades utilizando técnicas grupales como equipos rápidos (Phillips 66), grupos de discusión dirixida, promoción de ideas, estudio de documentos técnicos ou noticias de prensa, análise de casos e investigación sobre a realidade socioeconómica.

En pequenos grupos ou de xeito individual levaranse a cabo actividades de búsqueda e organización da información, actividades de síntese, de práctica etc.

En todo caso o desenvolvemento das actividades e o traballo en grupo e individual deber contribuír a traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual a competencia dixital e o fomento da creatividade, a iniciativa emprendedora e o espírito crítico e científico.

Na medida do posible as actividades versarán sobre datos, artigos, ensaios, documentos visuais, que reflexen a realidade económica actual e permitan comprender a realidade socioeconómica, e a ser posible partindo do entorno máis próximo.

Para poder levar a cabo esta metodoloxía debe contarse cos materiais necesarios, libros, recursos informáticos e audiovisuais, materiais que nos conecten con entorno económicosocial máis próximo, como anuarios económicos, convenios colectivos, boletín oficiais, prensa etc. Favorecendo que o alumnos inicie procesos de indagación.

Se un alumno ou varios son confinados temporalmente no seu domicilio pola pandemia, ou por outra causa que o xustifique, farase un seguimento da súa situación polo profesorado e se lle irán dando tarefas e actividades para que poida seguir o curso, sempre e cando a súa saúde o permita. As instrucións e tarefas serán comunicadas a través da aula virtual para tratar de acadar os obxectivos do curso. En todo caso as probas realizaranse de xeito presencial.

A metodoloxía empregada no período comprendido entre a avaliación ordinaria e o remate do curso.

No período de preparación de probas extraordinarias, distínguense dous tipos de actividades as de reforzo e repaso, para os alumnos que non superaron a materia nas probas ordinarias, de xeito que estas actividades reforcen os contidos mínimos que contribúan a que o alumno supere a materia.

Para os alumnos que superaron a materia nas probas ordinarias plantéxanse actividades de ampliación. Tratarase fundamentalmente de actividades de búsqueda e indagación, investigación que interrelacionen diversos estándares de aprendizaxe. Tamén se lles proporcionará textos, fundamentalmente xornalísticos, que lle permitan unha comprensión global da materia. Exemplos: Solicitud dun préstamo, análise da relación productividade-salario-inflación, camiño da Abau etc.

A metodoloxía a empregar será activa, baseada na realización de exercicios e actividades, esquemas; onde o alumno será o protagonista e a intervención do profesor limitarase a demanda e necesidades específicas de cada alumno.

No caso dos alumnos con actividades de ampliación, intentarase levar a cabo unha metodoloxía baseada en competencias, que lle permita a o alumno aplicar os contidos aprendidos o longo do curso a realidade máis próxima, levando a cabo resolución de problemas, realizando unha análise crítica e ben argumentada da información do seu entorno, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto e materias na aula virtual

Seguirase como libro de texto, que o alumnado terá que levar sempre a clase, o seguinte:

ANDRÉS CABRERA BAUTISTA (2022): Economía. 1º de Bachillerato. Editorial SM. (ISBN 978-84-1120-217-6)

Así mesmo, o alumnado poderá utilizar como bibliografía complementaria e de apoio calquera outro libro de texto desta materia doutra editorial, así como calquera dicionario económico.

Se traballará co seguinte material didáctico ou curricular:

- Libro dixital.
- Pizarra dixital.
- Textos xornalísticos seleccionados polo profesorado e polo alumnado.
- Gravacións videográficas onde se traten temas relacionados coa materia.
- Páxinas web de determinados organismos públicos, institucións ou empresas que poidan proporcionar información interesante para a materia (INE, IGE, EUROSTAT, datosmacro.com, etc.).
- Libros e revistas tanto dixitais como procedentes dos fondos da biblioteca do centro.

Algúns destes materiais complementarios atopanse na aula virtual, que tamén será empregada, para a realización de test, tarefas, estudio de casos e outro material que o profesor considere oportuno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase a principio de curso, na primeira ou segunda semana. Previamente o departamento deseña a proba inicial, que terá que ser consensuada para cada nivel de ensinanza, polos profesores que imparten docencia en cada nivel.

Para valorar a situación dos alumnos, o instrumento de avaliación será unha proba, que contará cunha primeira parte de cuestionario, sobre formación académica, dixital etc. E unha segunda parte, de proba obxectiva sobre aspectos da materia de Economía.

Co obxectivo de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do alumnado, os aspectos a avaliar serán os seguintes:

- 1.- A formación académica e dixital previa do alumnado.
- 2.- Nivel de coñecementos de conceptos económicos, cálculos matemáticos, interpretación de datos económicos etc.

Unha vez que se valoren os resultados da proba, xunto coa información facilitada polo departamento de Orientación, voinos permitir facer un primeira valoración do grado de homoxeneidade o heteroxeneidade do grupo, detectar se teñen algunha dificultade en especial nas competencias lingüísticas, matemáticas e dixitais. Así como detectar se hai alumnos os que lle debemos prestar unha especial atención, e de que nivel debemos partir na introducción das unidades didácticas para levar a cabo unha aprendizaxe significativa.

Compre aclarar que, o alumnado que vai cursar Economía en 1º de Bacharelato, non ten unha formación específica homoxenea, xa que pode haber alumnos que xa cursasen Economía en 4º da ESO, e alumnos para os que sexa a primeira vez que van cursar a materia, e os coñecementos previos que teñen recibíronos a través das materias da área de ciencias sociais.

A avaliación inicial ten especial relevancia no CGTD, xa que aínda que os alumnos teñan a mesma formación académica, pode tratarse de alumnos que chegan por primeira vez o centro procedentes doutros institutos de Galicia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	9	9	9	8	8	6	8	4	8
Proba escrita	100	95	85	100	100	95	95	100	95	100
Táboa de indicadores	0	5	15	0	0	5	5	0	5	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	4	4	100
Proba escrita	100	90	90	0	92
Táboa de indicadores	0	10	10	100	8

Criterios de cualificación:

A avaliación efectuarase ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Partirase dunha avaliación inicial para ter en conta os coñecementos previos do alumno e ao remate de cada trimestre realizarase polo menos unha proba escrita. Faranse tamén outras probas periódicas (cuestionarios, traballos individuais e en grupo, análise de casos, etc) que terán tamén carácter obrigatorio para todo o alumnado, pero cun peso inferior na cualificación trimestral.

O procedemento a seguir para a cualificación do alumnado ten como base os instrumentos de avaliación xa sinalados na programación, e o seu peso na nota trimestral do alumno será o seguinte:

- Probas escritas de todos os contidos do trimestre 80%
- Cuestionarios dos contidos do trimestre 5%
- Traballo realizado polo alumnado tanto na clase como na súa casa ou a través da aula virtual: resolución de exercicios e problemas, traballos individuais e en grupo, análise de casos 15%.

Para a valoración das probas escritas procederase do seguinte xeito:

Con carácter xeral faranse dúas probas escritas, a primeira abarcará os temas impartidos dende o comezo da avaliación ata a data do exame, e a segunda abarcará todo o impartido na avaliación. A nota media das probas escritas será a media ponderada de ambas probas contando o segundo exame dous terzos e o primeiro un terzo da nota. No caso de que o profesorado decidira que os temas do primeiro exame xa non foran avaliados novamente no segundo, os dous exames terían o mesmo peso na nota das probas escritas. Neste último caso o alumnado que obteña unha nota inferior a 3 puntos na primeira proba, deberá presentarse á todos os contidos da avaliación no segundo exame, e contará dous terzos da nota en vez do 50%.

O alumnado que non aprobe unha avaliación, posto que non acadou o grao mínimo de consecución para superar a materia, terá que realizar unha recuperación, que consistirá nunha proba escrita de todos os contidos do trimestre. No caso de non superar a terceira avaliación non haberá esta proba específica de este trimestre, se non que se fará coincidir coa proba final.

Cando un alumno empregue material non autorizado nunha proba, esta quedará sen cualificar, procedendo a

realízala tan pronto como lle sexa indicado.

Cualificación

Cada alumno será cualificado en cada avaliación atendendo aos criterios e instrumentos antes sinalados cunha nota numérica de 0 a 10 sen decimais. Cando existan decimais estes serán redondeados a unidade máis próxima. Considérase aprobada ou superada a materia se obtén unha cualificación de 5 ou superior.

Cualificación final ordinaria:

A nota final da avaliación ordinaria será a media aritmética das 3 avaliacións, sempre que a cualificación de cada unha delas sexa igual ou superior a 5. Para calcular a media emprégase a nota con decimais, unha vez calculada a media procederase o redondeo.

O alumnado que non aprobe unha avaliación ou trimestre, e tampouco lograse recuperala.

A finais do terceiro trimestre realízase, ademais, unha proba final á que se poderá presentar o alumnado que suspendera a terceira avaliación e o que aínda teña suspensas algunha das avaliacións anteriores. Para ter aprobada a materia por completo na convocatoria ordinaria é necesario ter superadas as tres avaliacións trimestrais. Coa cualificación acadada nesta proba e as acadadas nas avaliacións que xa superara, calcúlase a media aritmética das tres avaliacións.

A nota obtida será redondeada a unidade máis próxima, para obter a cualificación da avaliación ordinaria.

Cualificación extraordinaria:

O alumnado que non aprobe a materia na convocatoria ordinaria, posto que non se acadaron os obxectivos mínimos establecidos, terá que superar na convocatoria extraordinaria unha proba escrita que versará sobre todos os contidos impartidos ao longo do curso.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non aprobe unha avaliación, posto que non acadou o grao mínimo de consecución para superar a materia, terá que realizar unha recuperación, que consistirá nunha proba escrita de todos os contidos do trimestre. No caso de non superar a terceira avaliación non haberá esta proba específica de este trimestre, se non que se fará coincidir coa proba final. O alumnado que non aprobe unha avaliación ou trimestre, e tampouco lograse recuperala.

A finais do terceiro trimestre realízase, ademais, unha proba final á que se poderá presentar o alumnado que suspendera a terceira avaliación e o que aínda teña suspensas algunha das avaliacións anteriores. Para ter aprobada a materia por completo na convocatoria ordinaria é necesario ter superadas as tres avaliacións trimestrais.

O alumnado que non aprobe a materia na convocatoria ordinaria, posto que non se acadaron os obxectivos mínimos establecidos, terá que superar na convocatoria extraordinaria unha proba escrita que versará sobre todos os contidos impartidos ao longo do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Dadas as características das materias do departamento de Economía, o alumnado só pode ter pendente a materia de Economía de 1º de Bacharelato, ben porque non superou esta materia no curso correspondente, ou ben porque realiza un cambio de modalidade.

O número de alumnos pendentes no curso 23-24, será facilitado pola Xefatura de Estudos.

Seguimento:

O seguimento do alumnado con materias pendentes será realizado pola Xefa de Departamento. Encargarase do seguimento das actividades e da elaboración e corrección das probas escritas. Para a realización das mesmas,

seguiranse as indicacións do centro en canto a datas e espazos. Os profesores do departamento que impartan materia en cada grupo, tamén poderán atender calquera dúbida que plantexen os alumnos coa materia pendente.

Recursos didácticos:

Para unha correcto seguimento da materia o alumno debe empregar o seguinte libro de texto, Economía. 1º de Bachillerato. Revuela. Editorial SM. (ISBN 978-84-112-0217-6) Autor: Andrés Cabrera Bautista. Empregarase a Aula Virtual, para a entrega das actividades propostas.

Contidos da materia:

Os contidos da materia serán os recollidos no currículo da materia Economía de 1º de Bacharelato publicados no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, e que se corresponden coas seguintes unidades didácticas.

- Unidade 1.-Economía; a toma de decisións.
- Unidade 2.- Factores, axentes e sistemas económicos.
- Unidade 3.- Produción e crecemento económico.
- Unidade 4.- Axente económico: empresa.
- Unidade 5.- O mercado.
- Unidade 6.- Tipos de mercado.
- Unidade 7.- O mercado de traballo .
- Unidade 8.- Macroeconomía: crecemento económico.
- Unidade 9.- A intervención do Estado na economía.
- Unidade 10.- As contas públicas e a política fiscal.
- Unidade 11.- O diñeiro e a política monetaria.
- Unidade 12.- O sistema financeiro e finanzas persoais.
- Unidade 13.- O comercio internacional.
- Unidade 14.- A globalización e novos retos da economía.

Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación:

O alumnado que teña a materia de Economía de 1º de Bacharelato pendente, terá que contestar unha serie de cuestionarios e facer unha serie de actividades de todos os contidos da materia organizados en dous cuatrimestres e tamén terá que superar dous exames (probos escritas).

Cuestionarios e actividades:

Trátase de cuestionarios e actividades relacionados coas distintas unidades didácticas. A presentación das mesmas farase a través da Aula Virtual. Terán que ser presentados no prazo e forma indicado. De non ser así o alumno recibirá unha cualificación de cero para esa actividade ou cuestionario.

Exame:

Trátase dunha proba escrita con problemas e cuestións relacionadas coa materia correspondente, que se realizará de xeito presencial.

Criterios de cualificación:

Na primeira proba examinaranse dos temas 1-7 e na segunda proba do resto 8-14. Para superar a materia o alumnado ten que ter unha nota en cada cuatrimestre de 5 puntos entre os exames (80%) e as tarefas e cuestionarios (20%).A nota final da avaliación ordinaria será a media aritmética dos dous cuatrimestres.

En caso de non chegar ao 5 na cualificación dos cuatrimestres, o alumnado poderá presentarse a unha proba de recuperación de toda a materia que se celebrará a finais de abril. En caso de suspender esta segunda oportunidade o alumnado deberá presentarse na convocatoria extraordinaria.

O procedemento a seguir para a cualificación deste alumnado será:

- 20% nota dos cuestionarios e actividades.
- 80% nota das probas escritas.

Distribución da materia por cuadrimestres:

1º Cuadrimestre

Exame 1

Unidades didácticas: 1,2,3,4,5,6 e 7

Cuestionarios e actividades

U.D: 1,2,3,4. Data límite de entrega

U.D: 5,6,7. Data límite de entrega

2º Cuadrimestre

Exame 2

Unidades didácticas: 8,9,10,11,12,13 e 14.

Cuestionarios e actividades

U.D: 8,9,10. Data límite de entrega:

U.D: 11,12,13 e 14. Data límite de entrega:

Final

Exame Tódalas unidades didácticas

Os alumnos serán debidamente informados das datas de realización dos exames.

Información as familias:

A información do procedemento a seguir na avaliación de pendentes, será comunicada na aula o alumno correspondente, por parte do profesor que imparte a materia en 2º de Bacharelato. Ademáis na Aula virtual que se lle asigne publicitarase o procedemento de pendentes.

Esta información tamén poderá ser consultada na aplicación informática Proens, na programación do departamento.

A comunicación as familias sobre datas de exames e resultados, será realizada pola Xefatura de Estudos.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención a diversidade supón ter en conta a pluralidade de necesidades, intereses, ritmos e dificultades de aprendizaxe entre os alumnos que integran a aula. Esta diversidade require enfoques e metodoloxías distintas, para lograr a inclusión e motivación do alumnado e que este acade as competencias básicas.

Ao principio de curso, cada profesor tratará de detectar as necesidades e características do seu alumnado seguindo avaliación inicial que se propón dende o departamento. Isto xunto coa avaliación inicial que se leva a cabo no centro e a información que dende o departamento de Orientación se facilita ó profesorado, permitirá coñecer as necesidades específicas do alumnado e adaptar o proceso de ensinanza- aprendizaxe as súas características . Asimesmo, poderán xurdir novas necesidades educativas o longo do curso que haberá que atender.

Para atender a esta diversidade, con carácter xeral poderanse aplicar as seguintes medidas:

-Análise dos coñecementos previos do alumnado ó iniciar as unidades didácticas plantexando fundamentalmente preguntas orais, que nos permitan detectar os o nivel, para poder levar a cabo unha aprendizaxe significativa.

-Ao explicar en clase os contidos que poidan ter máis complexidade para o alumnado , que adoitan estar relacionados coas partes prácticas de resolución e interpretación de problemas, proporanse exercicios e actividades que irán aumentando de complexidade.

-Para o alumnado que presente un ritmo de desenvolvemento maior, poderá plantexárselle actividades de ampliación, que poderán ser actividades con maior nivel de dificultade lóxica, matemática; así como actividades de investigación que impliquen maior nivel de autonomía e creatividade.

-Para o alumnado que presente dificultades poderán propoñerse exercicios de reforzo en especial na resolución de exercicios prácticos.

-Establecemento de grupos de traballo flexible para a integración de diferentes ritmos de aprendizaxe, de xeito que se poida levar a cabo un traballo colaborativo en grupos heteroxéneos.

-A utilización do entorno virtual de aprendizaxe, ven sexa a través da aula virtual, ou E-Dixgal permite unha mellor atención o alumnado con necesidades específicas. Será preciso que dende o centro se adopten as medidas necesarias para que todo o alumnado dispoña dos recursos tecnolóxicos e formación adecuada para facer un seguimento correcto das tarefas e actividades propostas.

De ser o caso, levaranse a cabo outro tipo de adaptacións personalizadas recomendadas polo departamento de Orientación, para atender as necesidades educativas especiais, diagnosticadas polos especialistas pertinentes coa aplicación dos protocolos que requiran. Con independencia das medidas extraordinarias propostas, algunha das medidas ordinarias, en especial para os que presenten dificultades no aprendizaxe, que se poden aplicar poderían ser as seguintes:

-O alumno deberá estar sentado diante e preguntarlle con frecuencia para manter a súa atención.

-Apoiar as explicacións con presentacións visuais claras.

-Accesibilidade e cercanía do docente, e reforzo positivo do traballo do alumno.

-Preparar material de traballo adaptado se o necesita.

-Adaptar os tempos nas probas escritas e nas tarefas se o necesita.

-Adaptar o formato das probas escritas. Suliñar o máis importante, letra máis grande e espaciada. Ler as preguntas da proba antes de comenazar e asegurarse de que as comprende.

Nesta mesma liña de atención a diversidade, dende o departamento atendendo a solicitude da Xefatura de Estudos farase un plan de seguimento ao alumnado repetidor. Neste nivel non pode haber alumnado con materias pendentes do curso anterior.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura, expresión oral e escrita, competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Emprendemento social e empresarial	X			X			X	
ET.3 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores, igualdade de xénero, creatividade, respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A igualdade entre homes e mulleres							X	
ET.6 - Cambio climático, sustentabilidade e consumo responsable.	X	X	X	X	X	X		X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión de lectura, expresión oral e escrita, competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Emprendemento social e empresarial				X		
ET.3 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores, igualdade de xénero, creatividade, respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A igualdade entre homes e mulleres						X
ET.6 - Cambio climático, sustentabilidade e consumo responsable.	X	X		X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
------------	------------	----------	----------	----------

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita o centro de investigación "Finca Mouriscade"	A actividade vai dirixida o alumnado de 1º Bacharelato, trátase de aproveitar a posibilidade de visitar un centro de investigación dependente de organismos públicos, que transfere ese coñecemento as pequenas empresas e cooperativas e a súa actividade co obxectivo de mellorar a produtividade na empresa e no sector en conxunto. Neste centro o alumnado tamén poderá comprobar como se aplica a economía circular co aproveitamento dos residuos que o centro de investigación xenera, de xeito que contribuen a acadar o ODS.	X		
Finanzas para mortais	Actividade que aproxima os alumnos a realidade do funcionamento dos bancos. Vai dirixida a alumnos de 1º de bacharelato.			X
Charla sobre fiscalidade.	Actividade impartida por técnicos de facenda, sobre fiscalidade dirixida a o alumnado de 4º.		X	

Observacións:

O departamento podería organizar algunha visita a empresas do entorno ou a espazos de interese para a materia (portos, mercado, o propio espazo comercial da cidade etc) . O desenvolvemento destas actividades está condicionado por a aceptación por parte das empresas ou organismos públicos de este tipo de actividades.

Existe a posibilidade de organizar unha charla sobre fiscalidade no instituto impartida por técnicos de facenda e dirixida ao alumnado que cursa as materias de 4º ESO e 1º bacharelato. Tamén se solicitará cando se convoque, a participación nos programas "Finanzas para mortais" dirixido a 4º ESO e 1º de bacharelato e "Tus finanzas, tu futuro" 4º da ESO.

Tamén existe a posibilidade de facer outras actividades que se poidan organizar a través de internet como concursos, visitas virtuais a empresas e participación en videoconferencias, debates etc.

Ademais, o departamento está disposto a colaborar coa Vicedirección na realización de actividades que se propoñan ao longo do curso relacionadas coa realidade económica ou empresarial da conto.

NOTA: O non estar pechada ningunha actividade non se poden concretar de xeito individual.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Correspondencia entre o programado e o executado.
Metodoloxía empregada
Permite o seguimento da materia por parte do alumnado e empréganse a metodoloxía planificadass

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Valoración dos materiais e libro de texto.
Medidas de atención á diversidade
Seguese o pauta dende orientación para o s alumnos indicados.
Clima de traballo na aula
Permite o seguimento da materia
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Comunicación coas familias por abalar ou presencialmente

Descrición:

Utilizarase como instrumento tamén para a mellora da práctica docente a realización nos últimos días do curso dunha enquisa anónima ao alumnado das diferentes materias como a que segue:

Avaliación da materia: Nivel:

Profesor que a imparte: _____

Curso Académico: _____

Materia:

Obrigatoria

Optativa

1. Considero que os contidos da materia... (Por favor, marca tantas opcións como consideres oportunas)

Interesantes para entender a realidade

Interesantes para poder tomar decisión na miña vida nun futuro

Aburridos

Complicados

Fáciles de entender

Me fan pensar

2. VALORACIÓN DA MATERIA: Por favor, valora do 1 ao 10 (10 é "Totalmente dacordo" e 1 é "Totalmente en desacordo") as seguintes cuestións:

A materia aumentou o meu interese polos temas que se tratan ___

A materia cubriu as miñas expectativas ___

A materia axudou a completar a miña formación ___

3. VALORACIÓN DOS MATERIAIS E LIBRO DE TEXTO: Por favor, valora do 1 ao 10 (10 é "Totalmente dacordo" e 1 é "Totalmente en desacordo") as seguintes afirmacións:

O libro de texto é agradable e fácil de entender ___

O libro de texto adecúase ben aos contidos ___

A utilización do libro dixital proxectado polo profesor resulta útil ___

As fotocopias de periódicos e/ou revistas que proporciona o profesor e vídeos e documentais son interesantes ___

4. VALORACIÓN DO PROFESOR DA ASIGNATURA: Por favor, valora do 1 ao 10 (10 é "Totalmente dacordo" e 1 é "Totalmente en desacordo") as seguintes afirmacións:

O profesor coñece ben a materia que explica ___

O profesor utiliza exemplos útiles para explicar os contidos ___

O profesor comunícase dunha forma clara e fácil de entender ___

O profesor mostra entusiasmo pola materia que ensina ___

5. Cal é o teu nivel de satisfacción xeral coa materia?

Moi satisfeito Indiferente

Satisfeito Insatisfeito

6. Tes algunha suxerencia para a mellora nesta asignatura?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Partindo de que o obxectivo desta programación é o seu cumprimento o longo do curso, e a súa adaptación o alumnado, dende o departamento realizarase unha supervisión da mesma, despois de que cada profesor faga o seguimento a través da plataforma Proens da súa materia.

Esta revisión ten como obxectivo, valorar o seu cumprimento, así como, se a metodoloxía, os recursos empregados, as medidas de atención a diversidade, as actividades de reforzo e ampliación, se están empregando correctamente e son os adecuados para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Ou, de ser o caso e necesario un axuste para adaptarse mellor as características do alumnado, e contribuir a que se acaden as competencias e en definitiva mellorar os resultados académicos.

Para alcanzar estes obxectivos, realizaranse dous tipos de revisións, unha trimestral e outra mensual.

Unha vez rematado o trimestre, e partindo dos resultados da avaliación trimestral do alumnado, realizarase unha avaliación dos resultados e da programación, cando sexa necesario algunha adaptación o modificación da mesma, recollerase nas actas correspondentes do departamento, e tamén quedaran reflectidas as modificacións ou propostas de mellora na memoria final do departamento, para incorporalas no curso seguinte.

Os principais indicadores de logro serán:

1º trimestre 2º trimestre 3º trimestre

Valoración Propostas de mellora Valoración Propostas de mellora Valoración Propostas de mellora

- 1.-Contidos ou unidades didácticas
- 2.-Actividades de reforzo e ampliación empregadas
- 3.-Utilización de medios informáticos e/ou audiovisuais
- 4.-Medidas de atención a diversidade
- 5.-Seguimento do alumnado con materias pendentes.

Mensualmente, realizarase un seguimento da programación. Cada profesor será o encargado de facer o seguimento da materia para cada un dos seus grupos a traves da plataforma Proens.

Na reunión de departamento, esta información será analizada, ; e quedará reflexada nas actas de departamento correspondentes. De ser o caso, recolleranse as propostas de mellora para o curso seguinte etc

9. Outros apartados

1. Aclaracions sobre as sesións anuais

A realidade é que aínda que para a materia se establecen 140 sesións anuais isto non é exactamente así, xa que en función do día no que cadre un festivo, pode alterar lixeiramente as sesións totais.

Por outra banda dentro das 140 sesións, inclúese o período extraordinario, no que se pode repasar ou profundizar nalgunha unidade didáctica xa impartida.

Para axustar esta realidade a aplicación Proens e as súas particularidades, nas unidades didácticas 13 e 14, aínda que aparecen dez sesións en cada unha, en realidade, 4 sesións de cada unidade se corresponden co período extraordinario.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Esta programación está elaborada atendendo a normativa vixente, Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato, e o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 26/09/2022)

O IES Sánchez Cantón conta con dous edificios para impartir as súas ensinanzas, un ubicado na rúa Raiña Victoria e unha extensión no CGTD. As ensinanzas que se imparten son Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e dous ciclos formativos superiores Técnico Superior en Actividades Físicas e Animación Deportiva e ensinanzas deportivas.

O alumnado do centro presenta, en xeral, unha actitude positiva de cara o estudo, e o seu comportamento, na maior parte dos casos, é respectuoso co profesor e cos compañeiros. Os grupos soen ser moi numerosos superando en moitos casos os 30 alumnos.

Os alumnos que cursan os seus estudos no CGTD, son deportista que combinan os seus estudos con adestramentos deportivos, polo que teñen un horario especial, e ademáis o longo do curso participan en numerosas competicións deportivas, polo que en moitas ocasións é necesario introducir modificacións e adaptacións as circunstancias do alumnado. Os grupos soen ser moi heteroxéneos, xa que os alumnos proceden de distintos centros de Galicia.

As familias, na maior parte dos casos, son colaboradoras co centro e co claustro de profesores. Preocúpanse polos resultados académicos dos seus fillos así como polo seu comportamento.

Esta materia de modalidade, integrada en segundo curso de bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, persegue dous obxectivos: por unha parte aproximar o alumnado o coñecemento da empresa como catalizador do desenvolvemento económico, destacando a innovación como aspecto fundamental da actividade empresarial actuando con responsabilidade social corporativa, e por outra, fomentar unha cultura emprendedora que potencie a creatividade, o espírito de innovación, a reflexión crítica e a toma de decisión que permitan diseñar unha proposta de modelo de negocio e analizar a súa viabilidade.

A materia será impartida en lingua castelá.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar a actividade empresarial e emprendedora, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización neste proceso, para comprender o papel que desempeñan dentro do funcionamento global da economía actual.	2			2-5	12-40	1	1-2	
OBX2 - Investigar o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial, analizando as interrelacións empresas-contexto e identificando estratexias viables que partan dos criterios de responsabilidade social corporativa, da igualdade e a inclusión, para valorar a capacidade de adaptación das empresas.	2-3		4	1	20-50	4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Recoñecer e comprender modelos de negocio actuais comparándoos con outros tradicionais, aplicando estratexias e ferramentas que faciliten o deseño creativo e propoñendo modelos de negocio que, achegando valor, permitan satisfacer necesidades e contribuír ao benestar económico e social.	2-3		2-4		40	3	1	
OBX4 - Valorar e seleccionar estratexias comunicativas de aplicación ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas e obtendo a información que se xera tanto no ámbito interno como externo da empresa, para xestionar eficazmente a información necesaria no proceso de toma de decisións e a súa correcta transmisión.	1-3	1-2		3	40		2	
OBX5 - Realizar a análise previsional do modelo de negocio deseñado, aplicando as ferramentas de análise empresarial necesarias para comprender o proceso levado a cabo e validar a proposta presentada.				2-3	11-50		1-2-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Empresa e empresario. Clases de empresas e formas xurídicas.	Concepto de empresa: elementos, funcións e obxectivos. Concepto de empresario, características e funcións. Clasificación de empresas. Marco xurídico que regula a actividade empresarial. Características das principais formas xurídicas. Muller e emprendemento. Emprendemento inclusivo.	10	14	X		
2	Producción. Costes, produtividade e innovación.	O proceso de produción. Asignación de recursos produtivos. Custos de produción. Punto morto .Productividade.Factores determinantes da produtividade. Concepto de I+D+i. Innovación: concepto, teorías, tipos e extratexias. Dixitalización	14	14	X		
3	A empresa e o contexto empresarial. O desenvolvemento empresarial.	Características do contexto empresarial. Estratexias empresariais. Responsabilidade social corporativa. Localización e dimensión.	10	10	X		
4	Modelo de negocio.	Concepto de modelo de negocio. Definir un	8	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Ferramentas para crear modelos de negocio innovadores.	modelo de negocio: o lenzo de modelo de negocio. Ideación. Pensamento visual. Narración de historias. Creación de diferentes escenarios.	8	8		X	
5	A función financeira e de investimento.	Fontes de financiamento: financiamento externo a curto e longo prazo, financiamento interno (amortización e reservas) .Fontes alternativas de financiación. Concepto de investimento e tipos. Elementos dun proxecto de investimento. Valoración e selección de proxectos de investimento: prazo de recuperación e VAN.	15	16		X	
6	A información contable na empresa e a fiscalidade empresarial.	O patrimonio da empresa. As contas anuais e a imaxe fiel. Análise dos estados financeiros. Fiscalidade empresarial. Obrigas contables.	20	20		X	X
7	A función comercial.	Análise do consumidor. Segmentación de mercados. Variables de marketing-mix. Valoración de existencias.	12	12			X
8	A xestión dos recursos humanos.	Selección de persoal. Marco legal das relacións laborais. Políticas de igualdade e inclusión.	6	10			X
9	Simulación dun modelo e plan de negocio.	Contexto do modelo de negocio. Análise DAFO. Planificación e viabilidade.	5	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Empresa e empresario. Clases de empresas e formas xurídicas.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a importancia da actividade empresarial e o emprendemento na economía actual, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización.	Coñecer o papel da empresa e o empresario na sociedade. Identificar os elementos, as funcións e características mais relevantes da empresa. Identificar as características e funcións do empresario. Valorar o emprendemento inclusivo e femenino.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Coñecer os distintos tipos de empresa, os seus elementos e funcións, así como as formas xurídicas que adoptan relacionando cada unha delas coa responsabilidade legal dos seus propietarios e xestores e coas exigencias de capital.	Coñecer as características da do empresario individual, a sociedade limitada, sociedade anónima, sociedade laboral e cooperativa. Identificar a forma xurídica máis apropiada dadas as características da empresa. Distinguir distintos tipos de empresa atendendo a distintos criterios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O empresario ou a empresa. Perfís. - A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial. - O contexto empresarial. Responsabilidade social corporativa. Muller e emprendemento. Inclusión e emprendemento.

UD	Título da UD	Duración
2	Produción. Costes, produtividade e innovación.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial, identificando novas tendencias e tecnoloxías que teñen un alto impacto na economía.	Recoñecer a importancia da investigación e innovación tecnolóxica na empresa. Identificar tipos e extratexias de innovación.		
CA2.3 - Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades, recursos e asociacións clave dun modelo de negocio innovador.	Identificar a partir de un suposto, as actividades, recursos e asociacións clave e o seu reflexo nos costes.		
CA2.4 - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	Coñecer os tipos de procesos produtivos. Distinguir entre eficiencia técnica e económica. Calcular a produtividade.	PE	100
CA4.2 - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Identificar e calcular os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa. Calcular, interpretar e representar graficamente o limiar de rendibilidade.		
CA4.4 - Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	Identificar estratexias de propiedade industrial.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación. - A función produtiva. Proceso produtivo. Eficiencia e produtividade. Actividades clave. Recursos clave. Asociacións clave. Estrutura de custos: clasificación e cálculo de custos. - A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade. - A protección da idea, do produto e da marca.

UD	Título da UD	Duración
3	A empresa e o contexto empresarial. O desenvolvemento empresarial.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas aos cambios do contexto e ás exixencias do mercado, investigando o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial.	Valorar a como inciden os cambios do entorno xeral e específico sobre as empresas e a capacidade de adaptación que teñen estas. Identificar as forzas competitivas de Porter.	PE	100
CA1.5 - Identificar e analizar as características do contexto no que a empresa desenvolve a súa actividade, explicando, a partir destas, as distintas estratexias e decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e medioambientais da súa actividade.	Identificar os elementos dunha análise DAFO. Identificar os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa. Identificar estratexias de crecemento e o impacto na contorna. Valorar a responsabilidade social das empresas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial. - O contexto empresarial. Responsabilidade social corporativa. Muller e emprendemento. Inclusión e emprendemento. - A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación.

UD	Título da UD	Duración
4	Modelo de negocio. Ferramentas para crear modelos de negocio innovadores.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas ás exixencias do mercado, explorando ideas, escenarios futuros e novos padróns e modelos de negocio.	Identificar padróns de modelos de negocio e as súas características. Freemium, long tail, multiplataforma, apps, marketplace.	PE	60
CA3.3 - Xestionar eficazmente a información e facilitar o proceso de toma de decisións a partir da información obtida, tanto no ámbito interno como externo da empresa, aplicando estratexias e novas fórmulas comunicativas.	Coñecer e aplicar as principais ferramentas de organización de ideas a un proxecto de modelo de negocio. Modelo canvas.		
CA2.2 - Comprender o concepto de modelo de negocio como unha forma de lles dar resposta ás necesidades actuais, comparando distintos modelos, desde os máis tradicionais aos máis innovadores.	Identificar as características de distintos modelos de negocio.	TI	40
CA3.2 - Coñecer as distintas estratexias e ferramentas de deseño creativo, aplicando estas á xeración dun modelo de negocio transformador que permita dar resposta ás necesidades actuais.	Coñecer e aplicar as principais ferramentas de deseño creativo a un proxecto de modelo de negocio. Pensamento diverxente.		
CA3.4 - Seleccionar estratexias de comunicación aplicadas ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas comunicativas que faciliten a xestión eficaz da información e a súa transmisión.	Coñecer e aplicar as principais ferramentas de comunicación a un modelo de negocio. Visual thinking.		
CA3.5 - Coñecer as ferramentas necesarias que permitan expoñer o proxecto de modelo de negocio, despertando o interese e cativando os demais coa proposta de valor presentada.	Coñecer as principais ferramentas de presentación a un proxecto de modelo de negocio: Storytelling e discurso do ascensor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Empresa e modelo de negocio. - O lenzo de modelo de negocio e de xestión: concepto, áreas, bloques, utilidade e padróns de modelos de negocio. - A creatividade aplicada ao deseño do modelo de negocio e de xestión. O proceso de creatividade: diverxencia e converxencia. Dinámicas de xeración de novas ideas de modelos de negocio. - As ferramentas de organización de ideas: Pensamento visual ou Visual Thinking. Capacidade de síntese. Ideación. Comunicación. - O prototipado: concepto e utilidade. Posibilidades de prototipado: bens, servizos e aplicacións. - As ferramentas de presentación dun proxecto ou idea. Metodoloxía: narración de historias ou storytelling e o discurso no ascensor ou elevator pitch. Outras metodoloxías. - Os escenarios: exploración de ideas, escenarios futuros e novos modelos de negocio. - Outras ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión.

UD	Título da UD	Duración
5	A función financeira e de investimento.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Analizar e tomar decisións sobre investimento e financiamento, aplicando métodos de selección de investimentos e recoñecendo as vantaxes e inconvenientes das distintas fontes de financiamento empresarial.	Financiamento externo a curto e longo prazo, financiamento interno, amortización e reservas. Aplicar a proxectos sinxelos distintos métodos de selección de investimentos, calcular o prazo de recuperación e o VAN e interpretar os resultados.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A función financeira. Estrutura económica e financeira. Investimento. Valoración e selección de investimentos. Recursos financeiros. Análise de fontes alternativas de financiamento interno e externo.

UD	Título da UD	Duración
6	A información contable na empresa e a fiscalidade empresarial.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financiera da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Analizar os equilibrios patrimoniais. Calcular o fondo de manobra. Identificar as obrigas fiscais das empresas. Describir o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas.	PE	100
CA4.5 - Valorar a situación económico-financiera da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	Elaborar en supostos prácticos o balance de situación e a conta de resultados. Analizar a situación económico-financiera, cálculo de ratios e rendibilidade económica e financeira, e propoñer solucións os desequilibrios que xurdan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.
- Fiscalidade empresarial: principais tributos que gravan a actividade empresarial.
- A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.

UD	Título da UD	Duración
7	A función comercial.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	Aplicar criterios e estratexias de segmentación de mercados. Coñecer as variables do marketing-mix. Cálculo de valoración de existencias PMP e FIFO.	PE	100
CA3.1 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas ás exixencias do mercado, explorando ideas, escenarios futuros e novos padróns e modelos de negocio.	Analizar o punto de vista do cliente, mapa de empatía. Nichos de mercado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A función comercial. Segmento de clientes. A proposta de valor. Canles. Relacións con clientes. Fontes de ingresos. Estratexias de márketing. - O punto de vista dos clientes: mapa de empatía. - A competencia e os nichos de mercado.

UD	Título da UD	Duración
8	A xestión dos recursos humanos.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as distintas políticas empresariais de xestión, contratación e formación de recursos humanos, valorando e recoñecendo as actuacións das empresas en materia de igualdade e inclusión.	Identificar o papel dos recursos humanos na empresa, e a lexislación básica.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A xestión dos recursos humanos. Formación e funcionamento de equipos áxiles. Habilidades que demanda o mercado de traballo. A contratación e as relacións laborais da empresa. As políticas de igualdade e de inclusión nas empresas.

UD	Título da UD	Duración
9	Simulación dun modelo e plan de negocio.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	Analizar a contorna xeral e específica da proposta de modelo de negocio.	TI	100
CA4.2 - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Elaborar a conta de resultados previsual da proposta de modelo de negocio. Calcular o limiar de rendibilidade da proposta de modelo de negocio.		
CA4.3 - Elaborar un plan de negocio básico sobre un escenario simulado concreto, xustificando as decisións tomadas.	Elaborar unha proposta de plan de negocio básico.		
CA4.4 - Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	Elaborar a estratexia de propiedade industrial da proposta de plan de negocio.		
CA4.5 - Valorar a situación económico-financieira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	Analizar a viabilidade da proposta de plan de negocio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O contexto do modelo de negocio. Previsión: tendencias clave. Macroeconomía: variables macroeconómicas. Competencia: forzas competitivas. - A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsual de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade. - A validación do modelo de negocio. Lean Startup. Desenvolvemento de clientes. Desenvolvemento de produto áxil. - A protección da idea, do produto e da marca. - A toma de decisións. Estratexias. Simulación en folia de cálculo. Redacción dun plan de negocios básico. - A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada será construtiva, é dicir, adaptarase ás características e diferentes ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as, favorecerá a capacidade de aprenderen por si mesmos, o traballo en equipo, e promoverá a creatividade e o dinamismo, integrando os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe.

Os principios básicos empregados para levar adiante este proceso de ensinanza-aprendizaxe serán entre outros:

- Partir do nivel do alumnado e dos coñecementos previos para favorecer a construción de aprendizaxes novas e significativas, ademais dunha memorización comprensiva, sinxela e produtiva.

- Procurarase levar a cabo unha liña de aprendizaxe activo, de ahí a importancia do papel activo do alumno no

proceso de aprendizaxe. Non se debe adoptar unha perspectiva exclusivamente transmisiva e expositiva da información (debe reservarse para temas excesivamente abstractos ou teóricos). Tratarase de combinar momentos de explicación por parte do profesor, práctica guiada individual o en pequenos grupos, momentos de exposición e debate dos contidos traballados en grupo, indagación por parte do alumnado etc.

-En canto as formas de agrupación, o longo do curso o alumno vivenciará distintas formas de agruparse, pois traballar en equipo e un recto importante e necesario para a integración laboral do alumno que debe modelarse na aula.

En grupos máis amplos realizaremos actividades utilizando técnicas grupales como equipos rápidos, grupos de discusión dirixida, promoción de ideas, estudo de documentos técnicos ou noticias de prensa, análise de casos e investigación sobre a realidade socioeconómica.

En pequenos grupos ou de xeito individual levaranse a cabo actividades de búsqueda e organización da información, actividades de síntese, de práctica etc.

En todo caso o desenvolvemento das actividades e o traballo en grupo e individual deber contribuír a traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual a competencia dixital e o fomento da creatividade, a iniciativa emprendedora e o espírito crítico e científico.

Na medida do posible as actividades versarán sobre datos, artigos, ensaios, documentos visuais, que reflexen a realidade económica actual e permitan comprender a realidade socioeconómica, e a ser posible partindo do entorno máis próximo.

Para poder levar a cabo esta metodoloxía debe contarse cos materiais necesarios, libros, recursos informáticos e audiovisuais, materiais que nos conecten con entorno económicosocial máis próximo, como anuarios económicos, convenios colectivos, boletín oficiais, prensa etc. Favorecendo que o alumnado inicie procesos de indagación.

Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo.

A metodoloxía a empregar será activa, baseada na realización de exercicios e actividades, esquemas; onde o alumno será o protagonista e a intervención do profesor limitarase a demanda e necesidades específicas de cada alumno/a.

As actividades tipo, para a preparación das probas extraordinarias serán similares as que se empregaron ó longo do curso. Tamén se empregarán os modelos e probas da ABAU.

No caso do alumnado que prepara as probas de acceso á universidade, consistirá fundamentalmente na realización de modelos e probas da ABAU.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do centro en webs dinámicas.
Servizo de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu.
Biblioteca.
Software específico libre.
Libro de texto
Actividades complementarias.

O libro de texto, que o alumnado terá que levar sempre a clase e o seguinte:
“Empresa y diseño de modelos de negocio”. 2º de Bachillerato. Editorial Sm.
ANDRÉS CABRERA BAUTISTA (2023): (ISBN 978-84-985-6144-9)

Así mesmo, o alumnado poderá utilizar como bibliografía complementaria e de apoio calquera outro libro de texto desta materia doutra editorial, así como calquera dicionario económico.

Se traballará co seguinte material didáctico ou curricular:

- Libro dixital.
- Pizarra dixital.
- Textos xornalísticos seleccionados polo profesorado e polo alumnado.
- Gravacións videográficas onde se traten temas relacionados coa materia.
- Páxinas web de determinados organismos públicos, institucións ou empresas que poidan proporcionar información interesante para a materia (INE, IGE, EUROSTAT, datosmacro.com, etc.).
- Libros e revistas tanto dixitais como procedentes dos fondos da biblioteca do centro.
- Modelos de ABAU.

Algúns destes materiais complementarios atopanse na aula virtual, que tamén será empregada, para a realización de test, tarefas, estudio de casos e outro material que o profesor considere oportuno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O departamento deseña a proba inicial, que terá que ser consensuada para cada nivel de ensinanza, polos profesores que imparten docencia en cada nivel.

Para valorar a situación do alumnado, o instrumento de avaliación será unha proba, que contará cunha primeira parte de cuestionario, sobre formación académica, dixital etc. E unha segunda parte, de proba obxectiva sobre aspectos da materia de Economía e deseño de modelos de negocio.

Co obxectivo de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do alumnado, os aspectos a avaliar serán os seguintes:

- 1.- A formación académica e dixital previa do alumnado.
- 2.- Nivel de coñecementos de conceptos económicos, cálculos matemáticos, interpretación de datos económicos etc.

Unha vez que se valoren os resultados da proba, xunto coa información facilitada polo departamento de Orientación, vamos permitir facer un primeira valoración do grado de homoxeneidade o heteroxeneidade do grupo, detectar se teñen algunha dificultade en especial nas competencias lingüísticas, matemáticas e dixitais. Así como detectar se hai alumnos os que lle debemos prestar unha especial atención, e de que nivel debemos partir na introducción das unidades didácticas para levar a cabo unha aprendizaxe significativa.

Compre aclarar que, o alumnado que vai cursar Economía e deseño de modelos de negocio, na inmensa maioría xa cursou en 1º de bacharelato a materia de Economía.

A avaliación inicial ten especial relevancia no CGTD, xa que aínda que os alumnos teñan a mesma formación académica, pode tratarse de alumnos que chegan por primeira vez o centro procedentes doutros institutos de Galicia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	14	10	8	15	20	12	6	5	100
Proba escrita	100	100	100	60	100	100	100	100	0	92
Táboa de indicadores	0	0	0	40	0	0	0	0	100	8

Criterios de cualificación:

Cualificación de cada avaliación parcial:

O procedemento a seguir para a cualificación do alumnado ten como base os instrumentos de avaliación recollidos na programación tendo en conta as seguintes concrecións:

- Probas escritas dos contidos da avaliación 90%
- Cuestionarios dos contidos da avaliación 5%
- Traballo realizado polo alumnado tanto na clase como na súa casa ou a través da aula virtual: resolución de exercicios e problemas, e textos escritos 5%.

Para a valoración das probas escritas procederase do seguinte xeito:

Con carácter xeral faranse dúas probas escritas, en todo caso sempre se realizará unha como mínimo, a primeira abarcará as unidades didácticas impartidas dende o comezo da avaliación ata a data do exame, e a segunda abarcará todo o impartido na avaliación. A nota media das probas escritas será a media ponderada de ambas probas contando o segundo exame dous terzos e o primeiro un terzo da nota. No caso de que o profesorado decidira que os temas da primeira proba xa non foran avaliados novamente na segunda, as probas serían ponderadas en función da ponderación das unidades didácticas avaliadas.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Cualificación avaliación ordinaria:

Calcularase como media ponderada (34% primeira avaliación, 33% segunda e 33% terceira avaliación) das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación ordinaria cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Cando un alumno empregue material non autorizado nunha proba, esta quedará sen cualificar, procedendo a realizala tan pronto como lle sexa indicado.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supera algunha avaliación parcial,

O alumnado que non supere a avaliación parcial, posto que non acadou o grao mínimo de consecución para superar a materia, terá que realizar unha recuperación, que consistirá nunha proba escrita de todos os contidos da avaliación non superada. Neste caso a cualificación coincidirá coa cualificación obtida na proba escrita.

No caso de non superar a terceira avaliación non haberá esta proba específica de esta avaliación, se non que se fará coincidir coa proba final.

O alumnado que non superase unha avaliación parcial, e tampouco lograse recuperala.

A finais da terceira avaliación realizarase , ademais, unha proba final, proba escrita que versará sobre os contidos específicos das avaliacións suspensas. A dita proba, terá que presentar o alumnado que suspendera a terceira avaliación e o que aínda teña suspensas algunha das avaliacións anteriores. Para ter aprobada a materia por completo na convocatoria ordinaria é necesario ter superadas as tres avaliacións parciais. Coa cualificación acadada nesta proba e as acadadas nas avaliacións que xa superara, calcúlase a media ponderada das tres avaliacións.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos. e que se realizará , nas datas determinadas pola dirección do centro segundo establece a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación mínima de 5.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención a diversidade supón ter en conta a pluralidade de necesidades, intereses, ritmos e dificultades de aprendizaxe entre os alumnos que integran a aula. Esta diversidade require enfoques e metodoloxías distintas, para lograr a inclusión e motivación do alumnado e que este acade as competencias básicas.

Ao principio de curso, cada profesor tratará de detectar as necesidades e características do seu alumnado realizando a proba inicial que se propón dende o departamento. Isto xunto coa avaliación inicial que se leva a cabo no centro e a información que dende o departamento de Orientación se facilita ó profesorado, permitirá coñecer as necesidades específicas do alumnado e adaptar o proceso de ensinanza- aprendizaxe as súas características. Asimesmo, poderán xurdir novas necesidades educativas o longo do curso que haberá que atender.

Para atender a esta diversidade, con carácter xeral poderanse aplicar as seguintes medidas:

-Análise dos coñecementos previos do alumnado ó iniciar as unidades didácticas plantexando fundamentalmente preguntas orais, que nos permitan detectar os o nivel, para poder levar a cabo unha aprendizaxe significativa.

-Ao explicar en clase os contidos que poidan ter máis complexidade para o alumnado , que adoitan estar relacionados coas partes prácticas de resolución e interpretación de problemas, proporanse exercicios e actividades que irán aumentando de complexidade.

-Para o alumnado que presente un ritmo de desenvolvemento maior, poderá plantexárselle actividades de ampliación, que poderán ser actividades con maior nivel de dificultade lóxica, matemática; así como actividades de investigación que impliquen maior nivel de autonomía e creatividade.

-Para o alumnado que presente dificultades poderán propoñerse exercicios de reforzo en especial na resolución de exercicios prácticos.

-Establecemento de grupos de traballo flexible para a integración de diferentes ritmos de aprendizaxe, de xeito que se poida levar a cabo un traballo colaborativo en grupos heteroxéneos.

-A utilización da aula virtual, permite unha mellor atención o alumnado con necesidades específicas. Será preciso que dende o centro se adopten as medidas necesarias para que todo o alumnado dispoña dos recursos tecnolóxicos e formación adecuada para facer un seguimento correcto das tarefas e actividades propostas.

De ser o caso, levaranse a cabo outro tipo de adaptacións personalizadas recomendadas polo departamento de Orientación, para atender as necesidades educativas especiais, diagnosticadas polos especialistas pertinentes coa aplicación dos protocolos que requiran. Con independencia das medidas extraordinarias propostas, algunha das medidas ordinarias, en especial para os que presenten dificultades na aprendizaxe, que se poden aplicar poderían ser as seguintes:

- O alumno deberá estar sentado diante e preguntarlle con frecuencia para manter a súa atención.
- Apoiar as explicacións con presentacións visuais claras.
- Accesibilidade e cercanía do docente, e reforzo positivo do traballo do alumno.
- Preparar material de traballo adaptado se o necesita.
- Adaptar os tempos nas probas escritas e nas tarefas se o necesita.
- Adaptar o formato das probas escritas. Suliñar o máis importante, letra máis grande e espaciada. Ler as preguntas da proba antes de comezar e asegurarse de que as comprende.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade.	X	X		X			X	
ET.6 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Creatividade.	X

	UD 9
ET.6 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.8 - Educación emocional e en valores.	X
ET.9 - A igualdade de xénero.	X

Observacións:

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a feira Pont-up Store	Co fin de analizar os novos modelos de negocio xerados recentemente no entorno máis próximo.	X		
Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado.		X	

Observacións:

O departamento podería organizar algunha visita a empresas do entorno ou a espazos de interese para a materia (portos, mercado, o propio espazo comercial da cidade etc) . O desenvolvemento destas actividades está condicionado por a aceptación por parte das empresas ou organismos públicos de este tipo de actividades.

Tamén existe a posibilidade de facer outras actividades que se poidan organizar a través de internet como concursos, visitas virtuais a empresas e participación en videoconferencias, debates etc.

Ademais, o departamento está disposto a colaborar coa Vicedirección na realización de actividades que se propoñan ao longo do curso relacionadas coa realidade económica ou empresarial da contorna.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
Metodoloxía empregada
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquiredanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.

Medidas de atención á diversidade
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ao currículo do alumnado
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación, en función das súas necesidades.
Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
Establece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.
Clima de traballo na aula
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.

Descrición:

Tal e como establece a normativa, O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes. Tales indicadores consisten nunha serie de elementos que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia a cada grupo e nas reunións mensuais de departamento. O informe de seguimento require indicar o número de sesións empregadas en cada unidade didáctica, grao de cumprimento, propostas de mellora e observacións.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar co fin de introducir as modificacións que sexan precisas. O informe de seguimento facilitará a redacción da Memoria Final.

Ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro:

- Diario de aula.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados

1. Aclaracións sobre as sesións anuais

A realidade é que aínda que para a materia se establecen 116 sesións anuais isto non é exactamente así, xa que en función do día no que cadre un festivo, pode alterar lixeiramente as sesións totais.

Para axustar esta realidade a aplicación Proens e as súas particularidades, nas unidades didácticas 8 e 9, aínda que aparecen dez sesións na unidade 8 e doce sesións na unidade 9, as sesións reais para impartilas son sete e oito sesións respectivamente.